



Ornela Fernández Salgado, portavoz do BNG, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no próximo pleno do 29/10/2008:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O mércores 8 de outubro saíu publicado no BOE (Boletín Oficial do Estado) unha orde do Ministerio de Defensa pola cal se establecía a zona de seguridade do cuartel da Brilat en Figueirido.

Nesta orde ministerial establécese unha zona de seguridade próxima de 300 metros, contados desde o perímetro exterior da propiedade militar. A aplicación desta orde alcanza a tres das parroquias do concello de Vilaboa: Figueirido, Bértola e Vilaboa, afectando substancialmente a núcleos de poboación, como é o caso de Postemirón, Croas e Sabaxáns.

A entrada en vigor desta orde causa múltiples e graves prexuízos para o noso concello, debido a que non poderán realizarse obras, traballos, instalacións ou actividades de clase algunha sen a autorización previa do Ministerio de Defensa. Reservándose, así mesmo, o ministerio o dereito de inspección sobre calquera traballo que se acometa na zona de afección.

O Real Decreto 689/1978 do 10 de febreiro, que desenvolve a Lei de 1975 e na que se establecen as zonas de seguridade, di nun dos seus artigos, que cando as instalacións estean ubicadas no interior de poboacións ou zonas urbanizadas, o límite da zona de seguridade poderá reducirse ata o mínimo indispensable, segundo conveña para cada caso.

Por esta razón, o BNG realizou unha campaña de recollida de sinaturas entre os veciños e afectados das tres parroquias, solicitando a anulación desta Orde Ministerial.

Por todo isto SOLICITA:

Primeiro. O concello de Vilaboa presentará un recurso contencioso-administrativo ante a Orde DEF/2815/2008, de 16 de setembro, pola que se establece a zona de seguridade da instalación militar da Brilat en Figueirido, no que solicitará, tamén, a suspensión cautelar de dita orde.

Segundo. Paralelamente, o Concello de Vilaboa esixirá ao Ministerio de Defensa a rectificación da orde no sentido de excluír todas as edificacións e predios susceptibles de ser calificados como núcleo rural de poboación, modificando a tal efecto as coordenadas publicadas, usando o procedemento administrativo da corrección de erros.

Terceiro. O Concello de Vilaboa elevará unha protesta formal ao Ministerio de Defensa polo procedemento seguido por consideralo desleal coa administración pública local ao non ser informado con carácter previo do contido da orde.

Vilaboa, 20 de outubro de 2008.

Ornela Fernández Salgado.

SR. ALCALDE DE VILABOA